PROGRAMA "MUNICIPIOS SAUDABLES E SOSTIBLES 2000-2001" EN GALICIA

X CURSO DE SAÚDE AMBIENTAL

Pontevedra, 25 -29 xuño 2001

(Centro Sociocultural Caixa Galicia)

AUSPICIADO

ASOCIACIÓN INTERNACIONAL DE SALUD Y MEDIO AMBIENTE URBANO
INTERNATIONAL ASSOCIATION OF HEALTH AND URBAN ENVIRONMENT

COLABORAN NA ORGANIZACIÓN

INAP
INSTITUTO NACIONAL
DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Deputación Provincial
de Pontevedra

Puerto de Marín
Autoridad Portuaria de Marín - Pontevedra

Cámara
Pontevedra

OBRA SOCIAL
CAIXAGALICIA

DIRIXIDO E IMPARTIDO

Prof. Dr. F. J. Peña Castiñeira

Experto en saúde ambiental, profesor de medio ambiente e saúde
de CEPADE - Universidad Politécnica de Madrid

"Protexer o medio ambiente, coidar a nosa terra e promover estilos de vida saudables na poboación: unha tarefa de tódolos galegos"

PRESENTACIÓN

Cada día ten maior importancia o coñecemento do medio ambiente dunha comunidade, xa que é un condicionante do seu benestar social, sanitario e económico (o medio ambiente como xerador de actividades capaces de producir emprego, renda, saúde e benestar á poboación). A industrialización e a urbanización modificaron o medio dando orixe a problemas ambientais de primeira orde (o quentamento global "efecto invernadoiro" e cambio climático, a destrucción da capa de ozono estratosférica, o transporte de contaminantes, a desertización, problemas de contaminación en países en desenvolvemento, etc.) que é preciso corrixir, así como evitar que as actividades futuras orixinen máis deterioracións no noso contorno a través dunha política preventiva que permita un desenvolvemento sostido e equilibrado e teña como obxectivos a protección da saúde do home e a conservación de tódolos recursos que condicionan e sustentan a vida. Para a consecución dos obxectivos do V Programa Comunitario de Acción en materia de medio ambiente, ademais da consideración das disposicións lexislativas vixentes e de aspectos tecnolóxicos (mellora da xestión dos procesos e control integrado da contaminación, especificacións de productos, xestión dos residuos, etc.) inclúense actuacións tales como o aumento de diálogo coa empresa, fomento de acordos voluntarios, participación da opinión pública, acceso á información ambiental, etc.

As sólidas convicción ambientais dun amplo sector das sociedades actuais motivaron tamén os empresarios máis sensibles, a producir elementos para a industria anticontaminadora, e obxectos máis ou menos inocuos ecoloxicamente para o consumo. É necesario levar a cabo unha xestión adecuada dos recursos (racionalización do consumo e competitividade), información ós consumidores e desenvolvemento dun clima de confianza na sociedade, e desenvolvemento de normas comunitarias aplicables a procesos de fabricación e productos. A empresa ten unha especial responsabilidade diante do medio ambiente ó ser consumidora de recursos, ademais de fonte de emisións e residuos; pero non é menos verdade, que tamén é orixe de coñecementos científicos e tecnolóxicos, así como de positivos impactos socioeconómicos; o cal levou a moitas empresas a integra-la política ambiental nas estratexias corporativas adoptando criterios de protección do contorno na planificación de actividades e toma de decisións. O xurdimento dunha dinámica autorreguladora das empresas para a mellora das súas actividades ambientais, o que implica tamén ás asociacións e corporacións empresariais, xa que a protección do medio ambiente na empresa constitúe unha responsabilidade corporativa.

A Oficina Rexional para Europa da OMS, baseándose nas iniciativas de Cidades Saudables, e tendo en conta as experiencias dos plans de sanidade ambiental locais e os programas da Axenda 21 existentes nalgúns países europeos, decidiu apoiar ás entidades locais e rexionais para acada-los obxectivos do desenvolvemento sostible; sendo esta unha oportunidade máis, a través da posta en marcha deste programa *Municipios saudables e sostibles 2000-2001,* de conciencia-los concellos galegos da importancia de asumir esta filosofía na súa xestión. Precisamente, co fin de abordar e debater algúns dos problemas prioritarios que teñen os concellos, e favorece-la interrelación entre a saúde e o medio ambiente urbano para promove-la mellora das condicións de vida urbana, organízase este curso que, auspiciado pola Asociación Internacional de Salud y Medio Ambiente Urbano e coa colaboración do Instituto Nacional de Administración Pública, está deseñado de acordo cos principios da Carta Europea sobre Medio Ambiente e Saúde, e a Carta de Aalborg cara á sostibilidade, e dirixido a todos aqueles que traballan ou están interesados na saúde ambiental.

Finalmente, destaca-la necesidade de unir esforzos por parte de responsables políticos, empresarios, científicos, educadores, profesionais, comunicadores, ecoloxistas, así como a participación activa dos cidadáns, en prol de conseguir un **medio ambiente saudable para tódolos galegos**, mellor legado para xeracións vindeiras.

Prof. Dr. F. J. Peña Castiñeira

P R O G R A M A

LUNS, 25 DE XUÑO

16,00 h.: Acreditación e entrega de documentación.

16,30 h.: Acto inaugural do curso (sala de conferencias) a cargo do **Ilmo. Sr. D. Jaime Rodríguez-Arana Muñoz**, director do Instituto Nacional de Administración Pública; e do **Sr. D. Manuel Aguilar López**, director de Obra Social Caixa Galicia .

17,00 h.: **Tema 1:** *"Saúde ambiental: introducción. Importancia da protección e conservación do medio ambiente natural galego. Vixiancia e control da calidade das augas nas rías galegas e a súa repercusión na producción de cultivos mariños".*

18,00 h.: **Visita práctica:** Xardíns das Palmeiras e da Alameda de Pontevedra, a cargo do **Dr. Carlos Rodríguez Dacal**, botánico experto en xardinería e flora ornamental.

19,00 h.: **Tema 2:** *"Contaminación atmosférica e acústica: prevención e loita".*

MARTES, 26 DE XUÑO

16,30 h.: **Tema 3:** *"Infraestructuras de servicios sanitarios urbanos. Importancia dos sistemas de abastecemento hídrico e de saneamento das augas residuais en relación coa saúde pública: control sanitario das augas potables de consumo público e depuración das augas residuais. Vixiancia e control sanitario de piscinas e praias. Xestión integral de residuos sólidos urbanos. Problemas sanitarios e ambientais que orixina o uso de praguicidas".*

MÉRCORES, 27 DE XUÑO

16,30 h.: **Visitas prácticas:** estación de tratamento de augas potables (ETAP) e estación depuradora de augas residuais (EDAR) municipais de Pontevedra, xestionadas por Aquagest, S.L.; Pontillón de Castro.

XOVES, 28 DE XUÑO

16,30 h.: **Tema 4:** *"Empresa e medio ambiente. Industrialización, ambiente de traballo e saúde. Riscos do ambiente de traballo e trastornos na saúde do traballador: a súa prevención. Programa de hixiene e seguridade industrial. Relación da industria coa poboación. Caracterización de residuos tóxicos e perigosos. A empresa ante o reto ambiental do século XXI: cara unha xestión integrada dos sistemas de calidade, medio ambiente e prevención de riscos laborais".*

18,30 h.: **Visitas prácticas:** empresas Reyes Hermanos, S.L. e Trèves Galicia no Polígono Industrial "O Campiño" de Pontevedra.

VENRES, 29 DE XUÑO

10,00 h.: **Visitas prácticas:** Estación Fitopatolóxica de Areeiro, Misión Biolóxica de Galicia; as marxes da Xunqueira do río Lérez e do río Alba.

16,30 h.: **Tema 5:** *"Responsabilidade da Administración Local na protección do medio ambiente: competencias e sistemas de financiamento. Municipios saudables e sostenibles. Xestión sanitaria do medio ambiente: diagnósticos de saúde ambiental. Instrumentos de xestión ambiental. Axenda 21 Local aplicable á xestión municipal. Código de boas prácticas ambientais para os municipios".*

18,30 h.: **Mesa redonda:** *"Posta en común sobre a problemática ambiental de Pontevedra"*, coa participación de representantes dos axentes sociais relacionados co tema.

20, 00 h.: Acto de clausura e entrega de diplomas acreditativos de asistencia (sala de conferencias).

20,30 h.: Ofrecerase un viño galego de despedida no antigo "Café Moderno".

INFORMACIÓN XERAL

OBXECTIVOS

- Integración da dimensión dos aspectos ambientais da saúde na formación e reciclaxe de técnicos en saúde ambiental, coa finalidade de actualiza-la súa formación e adecua-las esixencias que demanda a sociedade actual, para que contribúa a mellora-la xestión e as condicións de vida urbana dos cidadáns.
- Establecer un foro de debate e estudio que aborde a situación dos municipios, dos seus problemas e carencias que se consideran máis importantes así como das posibles solucións que se deberán adoptar; ademais de permiti-la cooperación e o diálogo entre tódolos axentes sociais implicados.

DESTINATARIOS

- Técnicos, funcionarios e responsables políticos da Administración Local, Deputacións e Mancomunidades, que desenvolvan a súa actividade ou estean relacionados coas áreas obxecto de estudio.
- Profesorado de ensino secundario, formación profesional e universitaria que desenvolva a súa actividade ou estean relacionados coas áreas obxecto de estudio.
- Técnicos e xestores de empresas que desenvolvan a súa actividade nos departamentos de calidade, medio ambiente e prevención de riscos laborais.
- Profesionais libres (farmacéuticos, médicos, veterinarios, químicos, biólogos, enxeñeiros, arquitectos, xeógrafos, psicólogos, avogados, economistas, sociólogos, ATS/DE, etc.) que desenvolvan a súa actividade ou estean relacionados coas áreas obxecto de estudio.
- Titulados en paro e estudiantes interesados no tema.

METODOLOXÍA

- Exposición do profesor co apoio de medios audiovisuais do contido teórico do curso.
- Presentación de casos prácticos nos que tamén intervirán activamente os propios alumnos amosando as súas experiencias.
- Realización de visitas prácticas a instalacións de interese medioambiental.
- Mesa redonda.

NÚMERO DE PRAZAS E DEREITOS DE INSCRICIÓN

- **Número de prazas:** estará limitado a **60**, que se cubrirán por rigorosa orde de inscrición.
- **Cota de inscrición:**

  a/ Profesionais con actividade: **15.000 PTA.**

  b/ Titulados en paro e estudiantes que acrediten a súa condición: **7.500 PTA.**
- **Forma de pagamento:** o aboamento efectuarase mediante transferencia bancaria á oficina principal de CAIXA GALICIA en Pontevedra, nº de conta: **2091 0500 11 3040046970**, especificando en concepto "X CURSO DE SAÚDE AMBIENTAL EN PONTEVEDRA".

- **Forma de inscrición:** cubri-lo boletín de inscrición, que deberá achegar o xustificante do pagamento, e presentarase/enviarase por fax/correo á Secretaría Técnica do Curso. O prazo de inscrición abrirase o luns 11 de xuño, fixándose a data límite de formalizala o venres 22 de xuño ás 14,00 horas.

DOCUMENTACIÓN

- Entregarase documentación relativa á temática do curso e recompilación lexislativa ambiental.

DIPLOMA ACREDITATIVO

- Aqueles alumnos que participen con regularidade nas sesións programadas do curso, que consta de **25 horas lectivas**, recibirán un diploma acreditativo de asistencia.

SEDE, DATAS E HORARIO

- **Sede:** Centro Sociocultural Caixa Galicia (antigo "Café Moderno")
  Praza de San Xosé, 3
  36001 Pontevedra.
- **Datas:** do 25 ó 29 de xuño de 2001.
- **Horario:** de 16,30 a 20,30 horas (de luns a venres) e de 10,00-14,00 horas o venres.

EXPOSICIÓN

- Terá lugar unha exposición sobre: **"O MEDIO AMBIENTE NATURAL GALEGO"** na sala de exposicións do Centro Sociocultural Caixa Galicia, que estará aberta a poboación en xeral do 25 ó 29 de xuño de 18,00 a 21,00 horas.

SECRETARÍA TÉCNICA DO CURSO

María Encinas Catón
CENTRO SOCIOCULTURAL CAIXA GALICIA
(ANTIGO "CAFÉ MODERNO")
Praza de San Xosé, 3
36001 PONTEVEDRA
Tel.: 986 864 612
Fax: 986 863 691

COLABORAN

Colexio Oficial de Farmacéuticos da Provincia de Pontevedra

A.M.A.
MAEUPCIOAN MUTUAL AMEGURADORA

COLEXIO OFICIAL DE VETERINARIOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

COLEXIO OFICIAL DE MÉDICOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

APEC
ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DA CONSTRUCCIÓN DE PONTEVEDRA

ASOCIACION DE JÓVENES EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA

EMPRESAS PATROCINADORAS

Aquagest

Coca-Cola

SEAT Catova

REYES HERMANOS, S.L.

Trèves Galicia

EMPRESAS PARTICIPANTES

AUTOMOVILES GESTOSO

CESPA - INUSA

Audi Vepersa

Supermercados FROIZ

1969 VP Vilanova Peña